

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANUNCIO do 27 de setembro de 2016, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, polo que se comunica a apertura do prazo para solicitar prazas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de ensino secundario, especialidades (590019) Tecnoloxía, (590061) Economía, (590101) Administración de Empresas e (590107) Informática e, no corpo de profesores técnicos de formación profesional, nas especialidades (591202) Equipos Electrónicos, (591216) Operacións de Producción Agraria, (591217) Patronaxe e Confección, (591226) Servizos de Restauración e (591227) Sistemas e Aplicación Informáticas.

Comunícase que está aberto o prazo para solicitar prazas de interinidades e substitucións para impartir docencia nos corpos de profesores de ensino secundario nas especialidades (590019) Tecnoloxía, (590061) Economía, (590101) Administración de Empresas e (590107) Informática e, no corpo de profesores técnicos de formación profesional, nas especialidades (591202) Equipos Electrónicos, (591216) Operacións de Producción Agraria, (591217) Patronaxe e Confección, (591226) Servizos de Restauración e (591227) Sistemas e Aplicación Informáticas.

Primeiro. *Titulacións requiridas*

– Profesores de ensino secundario:

Disciplina	Titulacións requiridas*
(590019) Tecnoloxía	– Licenciado en: <ul style="list-style-type: none"> – Física. – Química. – Máquinas navais. – Náutica e transporte marítimo. – Ciencias do mar. – Enxeñeiro. <ul style="list-style-type: none"> – Arquitecto. – Diplomado en: <ul style="list-style-type: none"> – Máquinas navais – Navegación marítima. – Radioelectrónica naval. – Enxeñeiro técnico. <ul style="list-style-type: none"> – Arquitecto técnico. – Grao en: <ul style="list-style-type: none"> – Enxeñaría. – Física. – Química. – Tecnoloxía da enxeñaría civil. – Tecnoloxías mariñas. – Arquitectura. – Arquitectura técnica. – Deseño industrial e desenvolvemento do produto. – Óptica e optometría. – Ciencias ambientais. – Ciencias do mar.

CVE-DOG: hky4mlu8-wvq1-am50-wbit6-36mswaxx9xv7



Disciplina	Titulacións requiridas*
(590061) Economía	<ul style="list-style-type: none"> – Licenciado en: <ul style="list-style-type: none"> – Administración e dirección de empresas. – Ciencias empresariais. – Ciencias políticas e da administración. – Dereito. – Economía. – Ciencias económicas e empresariais. – Ciencias actuariais e financeiras. – Investigación e técnicas de mercado. – Grao en: <ul style="list-style-type: none"> – Administración e dirección de empresas. – Ciencias empresariais. – Ciencias políticas e da administración. – Dereito. – Economía. – Xestión en pequenas e medianas empresas. – Comercio. – Dirección e xestión pública. – Enxeñeiro en organización industrial
(590101) Administración de Empresas	<ul style="list-style-type: none"> – Licenciado en: <ul style="list-style-type: none"> – Administración e dirección de empresas. – Ciencias empresariais. – Ciencias políticas e da administración. – Dereito. – Economía. – Ciencias económicas e empresariais. – Ciencias actuariais e financeiras. – Ciencias económicas. – Xestión e administración pública. – Diplomado en: <ul style="list-style-type: none"> – Ciencias empresariais. – Xestión e administración pública. – Grao en: <ul style="list-style-type: none"> – Administración e dirección de empresas. – Ciencias empresariais. – Ciencias políticas e da administración. – Dereito. – Economía. – Xestión en pequenas e medianas empresas. – Comercio. – Dirección e xestión pública. – Relacións laborais.
(590107) Informática	<ul style="list-style-type: none"> – Licenciado en: <ul style="list-style-type: none"> – Informática. – Ciencias e técnicas estatísticas. – Enxeñeiro en: <ul style="list-style-type: none"> – Informática. – De telecomunicación. – En electrónica. – Diplomado en estatística. – Enxeñeiro técnico en: <ul style="list-style-type: none"> – Informática de xestión. – Informática de sistemas. – De telecomunicación, especialidade en telemática. – Os correspondentes graos das titulacións anteriores adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior.

CVE-DOG: hky4mlu8-wvq1-am50-wbit6-36mswaxx9xv7



– Profesores técnicos de formación profesional:

Disciplina	Titulacións requiridas*
(591202) Equipos Electrónicos	<ul style="list-style-type: none"> – Licenciado en: <ul style="list-style-type: none"> – Física. – Radioelectrónica naval. – Enxeñeiro: <ul style="list-style-type: none"> – Aeronáutico. – Automática e electrónica industrial. – Electrónica. – Industrial. – Minas. – Naval. – Telecomunicación. – Diplomado en radioelectrónica naval. – Enxeñeiro técnico: <ul style="list-style-type: none"> – Aeronáutico, especialidade aeronavegación. – Industrial, especialidade electricidade ou electrónica industrial. – Informática de sistemas. – Telecomunicacións. – Grao en: <ul style="list-style-type: none"> – Enxeñaría en tecnoloxías industriais. – Enxeñaría mecánica. – Enxeñaría eléctrica. – Enxeñaría electrónica industrial e automática. – Enxeñaría naval e oceánica. – Enxeñaría informática. – Enxeñaría da enerxía. – Enxeñaría de tecnoloxías de telecomunicación. – Enxeñaría dos recursos mineiros e enerxéticos. – Enxeñaría en electrónica industrial e automática. – Física. – Tecnoloxías mariñas.
(591216) Operacións de Producción Agraria	<ul style="list-style-type: none"> – Licenciado en: <ul style="list-style-type: none"> – Bioloxía. – Xeoloxía. – Veterinaria. – Ciencias ambientais. – Enxeñaría: <ul style="list-style-type: none"> – Agrónoma. – De montes. – Enxeñaría técnica: <ul style="list-style-type: none"> – Agrícola, en todas as súas especialidades. – Forestal, en todas as súas especialidades. – Grao en: <ul style="list-style-type: none"> – Enxeñaría agrícola e alimentaria. – Enxeñaría forestal e do medio natural. – Enxeñaría agraria. – Enxeñaría forestal. – Bioloxía. – Veterinaria.

CVE-DOG: hky4mlu8-wvq1-am50-wbt6-36mswaxx9xv7



Disciplina	Titulacións requiridas*
(591217) Patronaxe e Confección	<ul style="list-style-type: none"> - Enxeñaría técnica industrial, especialidade téxtil. - Grao en: <ul style="list-style-type: none"> - Enxeñaría en deseño industrial e desenvolvemento do produto. - Deseño de moda. - Técnico superior en: <ul style="list-style-type: none"> - Patronaxe e moda. - Procesos de confección industrial. - Patronaxe. - Técnico especialista en: <ul style="list-style-type: none"> - Confección industrial de pezas exteriores. - Confección industrial de pezas interiores. - Confección a medida de señora. - Confección de tecidos. - Producción en industrias da confección. - Xastraría e modistaría.
(591226) Servizos de Restauración	<ul style="list-style-type: none"> - Licenciado en: <ul style="list-style-type: none"> - Ciencia e tecnoloxía dos alimentos. - Enoloxía. - Enxeñaría técnica agrícola, especialidade en industrias agrarias e agroalimentarias. - Diplomado en turismo. - Grao en: <ul style="list-style-type: none"> - Ciencia e tecnoloxía dos alimentos. - Nutrición humana e dietética. - Enxeñaría agrícola e agroalimentaria. - Enxeñaría agraria. - Técnico superior en: <ul style="list-style-type: none"> - Dirección de servizos de restauración. - Restauración. - Técnico especialista en hostalaría.
(591227) Sistemas e Aplicacións Informáticas	<ul style="list-style-type: none"> - Licenciado en informática. - Enxeñeiro en: <ul style="list-style-type: none"> - Informática. - De telecomunicación. - Diplomado en Informática. - Enxeñeiro técnico en: <ul style="list-style-type: none"> - Informática de xestión. - Informática de sistemas. - De telecomunicación, especialidade en telemática. - Os correspondentes graos das titulacións anteriores adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior.

* NOTA. As titulacións indicadas corresponden ao Catálogo de títulos universitarios oficiais e ás sucesivas incorporacións a este. Tamén son equivalentes, para os efectos de docencia, as titulacións homólogas ás especificadas, segundo o Real decreto 1954/1994, do 30 de setembro (BOE do 17 de novembro).

CVE-DOG: hky4mlu8-wvq1-am50-wbit6-36mswaxx9xv7



Segundo. *Requisitos*

1. Ser español ou ter a nacionalidade doutro país membro da Unión Europea ou de calquera outro dos Estados a que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores e traballadoras.

Tamén poderán participar o cónxuxe, os descendentes e os descendentes do cónxuxe, tanto dos cidadáns españois como dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea ou de Estados en que, en virtude de tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados polo Estado español, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores cando así o prevexa o correspondente tratado, sexa cal sexa a súa nacionalidade, sempre que os cónxuxes non estean separados de dereito e, con respecto aos descendentes, sexan menores de vinte e un anos ou maiores desta idade pero vivan a cargo dos seus proxenitores.

2. Ter feitos os dezaseis anos e non ter alcanzado a idade establecida, con carácter xeral, para a xubilación.

3. Estar en posesión das titulacións que se especifican no punto primeiro deste anuncio. No caso de que as ditas titulacións se obtivesen no estranxeiro, deberá terse concedida a correspondente credencial de homologación, segundo o Real decreto 285/2004, do 20 de febreiro (*Boletín Oficial del Estado* do 4 de marzo), e o Real decreto 1837/2008, do 8 de novembro, polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español a Directiva 2005/36/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de setembro, e a Directiva 2006/100/CE do Consello, do 20 de novembro, relativas ao recoñecemento de cualificacións profesionais, ben como a determinados aspectos da profesión de avogado (*Boletín Oficial del Estado* do 20 de novembro).

4. Ademais do requisito de titulación, deberá acreditarse formación pedagóxica e didáctica establecida no artigo 100.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e, polo tanto, estar en posesión do correspondente título de máster regulado pola Orde ECI/3858/2007, do 27 de decembro, pola que se establecen os requisitos de verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio das profesións de profesor de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, formación profesional e ensinanza de idiomas.



5. Non será necesaria a posesión do citado título oficial de máster antes mencionado para o solicitante que acredite estar en posesión, con anterioridade ao 1 de outubro de 2009, dalgún dos seguintes requisitos:

a) Estar en posesión do título profesional de especialización didáctica, do certificado de cualificación pedagóxica ou do certificado de aptitude pedagóxica.

b) Estar en posesión dun título universitario oficial que habilite para o exercicio da profesión de mestre, ou dun título de licenciado en Pedagogía ou Psicopedagogía, así como calquera outro título de licenciado ou outra titulación declarada equivalente que inclúa formación pedagóxica e didáctica.

c) Ter impartido docencia durante un mínimo de 12 meses en centros públicos ou privados de ensino regrado, debidamente autorizados, nos niveis e ensinanzas cuxas especialidades docentes se regulan no Real decreto 1834/2008, do 8 de novembro. Esta experiencia docente acreditarase mediante certificación da dirección do centro, co visto e prace da inspección educativa.

6. No caso de presentarse cunha titulación de técnico superior ou técnico especialista, deberá estar en posesión e presentar a certificación oficial do título de formación pedagóxica e didáctica equivalente ou acreditar que, con anterioridade ao 1 de setembro de 2014, impartiu docencia durante dous cursos académicos completos ou, na súa falta, doce meses en períodos continuos ou discontinuos, en centros públicos ou privados de ensino regrado debidamente autorizados, nos niveis e ensinanzas correspondentes reguladas na Orde EDU 2645/2011, do 23 de setembro, modificada pola Orde ECD/1058/2013, do 7 de xuño.

7. Ter superado o curso Celga 4 de lingua galega ou ter a validación equivalente.

Terceiro. *Prazo de solicitude*

O prazo para presentar a instancia de solicitude, así como a documentación xustificativa dos requisitos mínimos exixidos e dos méritos alegados para a súa baremación, será de dez días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia* e poderanse presentar en calquera rexistro oficial ou en calquera das dependencias a que alude o artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No caso de que se opte por presentar a solicitude nunha oficina de Correos, farase en sobre aberto, para que a instancia sexa datada e selada polo funcionario antes de ser certificada.



Cuarto. *Importe e pagamento dos dereitos de inscrición nas listas (código 30.03.01)*

Os dereitos de inscrición nas listas serán de 16,98 euros.

Estarán exentos do pagamento, logo de xustificación documental:

- a) Persoas con discapacidade igual ou superior ao 33 %.
- b) Persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial.

Aplicarase unha bonificación do 50 % á inscrición solicitada por:

- a) Persoas que sexan membros de familias numerosas de categoría xeral.
- b) Persoas que figuren como demandantes de emprego desde, polo menos, seis meses antes da data da convocatoria de probas selectivas nas cales soliciten a súa participación e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego.

O pagamento da taxa poderase efectuar de dous xeitos diferentes:

– A través do impreso de autoliquidación –A ou AI–, en calquera das entidades financeiras colaboradoras na recadación das taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia.

– De forma telemática, no enderezo: <http://www.atriga.es/web/atriga/a-axencia-tributaria-de-galicia/servizos/oficina-virtual-tributaria/servizos-sen-certificado>, podendo optar por:

- Un pagamento telemático puro que xeraría un modelo 730 directamente (neste caso é obrigatorio enviar o xustificante que se imprime ao efectuar o pagamento).
- Un pagamento telemático presencial que xeraría un modelo 739, irían ao banco e logo teríase que retomar a operación na oficina tributaria virtual (OTV) para xerar o modelo 730.

Os modelos válidos que se deberán presentar como xustificante de pagamento de taxas nas fases correspondentes son os modelos A, AI e 730.

A non presentación deste anexo, dentro de prazo, en que figure o selo da entidade bancaria, determinará a exclusión do aspirante. En ningún caso a presentación deste anexo suporá substitución do trámite de presentación en tempo e forma da solicitude.



Quinto. *Modelo de solicitude*

O modelo de solicitude está á disposición das persoas interesadas na páxina web da consellería, no enderezo <http://www.edu.xunta.es> (profesorado-xestión de profesorado).

Sexto. *Comisión baremadora*

A asignación da puntuación que lles corresponde aos concursantes será levada a cabo por unha comisión constituída por funcionarios destinados na Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Esta comisión estará cualificada na categoría primeira para os efectos do previsto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño (*Diario Oficial de Galicia* do 25 de xuño).

Poderá asistir ás reunións da comisión, con voz e sen voto, un representante por cada unha das organizacións sindicais con presenza na Mesa Sectorial Docente non Universitaria.

Sétimo

Os candidatos seleccionados terán un número de orde posterior ao do persoal interino/substituto da mesma especialidade que foi seleccionado en convocatorias anteriores.

Oitavo

O baremo, de acordo coa adenda asinada cos sindicatos da Mesa Sectorial Docente o 11 de xullo de 2006 (texto refundido publicado na Resolución do 31 de xullo de 2013, *Diario Oficial de Galicia* do 12 de agosto), será o publicado na fase de concurso da Orde do 4 de abril de 2016 pola que se convocan procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de inspectores de Educación, ao corpo de profesores de ensino secundario, ao corpo de profesores técnicos de formación profesional, ao corpo de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia (*Diario Oficial de Galicia* do 19 de abril).

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2016

José Manuel Pinal Rodríguez
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

